

SESION ORDINARIA DE 26 DE XULLO DE 2022

(Acta número 09)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. Roberto García Pernas
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e seis de xullo de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero; e asiste como Interventor o Interventor adxunto don Manuel Roel Hernández Serrano.

Non asiste a señora Deputada dona Dolores Castro Ochoa.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	1/22



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de maio de dous mil vinte e dous e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE GOBERNO EN RELACIÓN COA OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO IES LOIS PEÑA NOVO.

Neste momento incorpórase á sesión o señor Deputado D. Agustín Baamonde Díaz.


“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

O Deputado Provincial Don Efrén Castro Caloto, en representación do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en relación coa oferta educativa do Centro IES Lois Peña Novo

Exposición de Motivos:

Recentemente coñeceuse a través da prensa a intención repentina da Consellería de educación de deixar ao IES Lois Peña Novo en Vilalba sen as ensinanzas de Educación Secundaria

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	2/22





de Adultos (ESA) e o Bacharelato Semipresencial de Adultos. Todo isto sen previo aviso e sen ser posto en coñecemento do conxunto da comunidade educativa.

Polo que reflicte o artigo de prensa o propio claustro do Centro de Ensinanza Secundaria amosou o seu malestar e oposición por non concordar con esta medida e as súas repercusións.

Dende o IES Lois Peña Novo explican que estas supresións suporía deixar directamente a medio centenar de alumnado sen a posibilidade de poder acceder a esta educación na súa contorna. E indirectamente outra trintena de estudantes quedarían sen profesorado que lles dera Galego/Castelán para inmigrantes e os “Cursos para a formación complementaria en Linguas Estranxeiras” (CUALE).

Non se entende que a Consellería de educación continúe un curso máis a centrar os seus esforzos en recortar a oferta educativa do ensino público no rural, en vez de tratar de melloralala, incrementala e dotala dos medios humanos e materiais suficientes. Isto non augura nada bo para o vindeiro curso.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:


Instar á Xunta de Galiza a:

1º.- Que as posibles reordenacións da oferta educativa en Vilalba, vaian encamiñadas a continuar avanzando na súa mellora e que non impliquen supresións en relación coa oferta actual.

2º.- Que calquera cambio que se implemente no ámbito educativo de Vilalba, sexa posto en tempo e forma en coñecemento do conxunto da comunidade educativa; e que conte coa seu aprobación.

3º.- Que poña en marcha medidas e accións que potencien, melloren e incrementen a oferta

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	3/22



educativa da Formación Profesional en Vilalba”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=2>

3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE A LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA.


Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre a Lei de Mellora da Xestión do Ciclo Integral da Auga da Xunta de Galicia.

En 2019, a conselleira de Infraestruturas e Territorio, Ethel Vázquez, presentou un informe sobre a “*Problemática e situación da prestación dos servizos de saneamento en Galicia*” no que a consellería cargaba sobre os concellos todas as culpas das deficiencias nas infraestruturas precisas para desenvolver unha xestión eficiente do ciclo da auga e propoñía a creación dunha “Sogama da auga”.

O rexeitamento amosado pola maioría dos concellos a aquela iniciativa non freou as intencións da Xunta. O 22 de xullo de 2021 iniciouse a tramitación do anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. Segundo o entón presidente, Alberto Núñez Feijóo, sería “*un marco normativo que permitirá regular o apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración de augas*”. As boas palabras non se traduciron en feitos, e as alegación presentadas ó anteproxecto polos concellos, as Deputacións e a Fegamp foron

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	4/22





rexeitadas. A Xunta busca impoñer un modelo no que ela pon as condicións e aos concellos só lles queda adherirse e pagar, ou quedar fóra e asumir toda a xestión do ciclo da auga no seu territorio.


O pasado 28 de xuño aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, unha lei que, a pesar de que establece na súa exposición de motivos que a auga é un ben esencial para a cidadanía e para a actividade económica, un ben patrimonial que hai que protexer, defender e tratar como tal, parte dun entendemento discutible da Directiva Marco da Auga, pois o contido da lei non responde a estas afirmacións. No lugar de entender o ciclo integral da auga como un servizo de interese xeral que compete a todas as administracións, a Xunta de Galicia presenta unha Lei na que serán os concellos os que deleguen, se lles interesa, a xestión na entidade Augas de Galicia para que esta actúe como entidade prestadora dos servizos de abastecemento, depuración e/ou saneamento, mentres que a capacidade sancionadora segue a estar radicada na entidade Augas de Galicia.

Os concellos de menos de vinte mil habitantes que se adhiran “voluntariamente” terán que achegar dous terzos do custe da totalidade do custe das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do ciclo da auga, é dicir, as infraestruturas para almacenar, potabilizar, distribuír e depurar, segundo se recolle literalmente no artigo 26 da dita Lei.

Aínda que a conselleira afirma unha e outra vez que esta Lei non crea novas cargas para as persoas beneficiarias dos servizos, a realidade é que se crean tres novas taxas e que na propia Memoria económica presentada pola administración autonómica contemplan subidas de case 50 millóns de euros dende o primeiro ano de entrada en funcionamento. Dito doutro xeito, esta lei vai incrementar o recibo da auga nun 61% para o peto dos galegos e galegas.

O Grupo Socialista da Deputación de Lugo quere deixar constancia unha vez máis do seu rexeitamento dunha lei tramitada de costas ós concellos que incrementa o custo do recibo da auga ós cidadáns nun momento económico especialmente complicado. Por iso o Grupo Provincial Socialista manifesta a súa rotunda oposición e rexeitamento ao contido da Lei galega do ciclo da auga que foi aprobada de maneira unilateral polo Partido Popular en detrimento dos intereses das entidades e somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	5/22



- A elaboración neste exercicio 2022, e estando en tramitación o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, dun plan estratéxico consensuado coa Fegamp no que se contemplan as infraestruturas, o territorio, as contías, o financiamento e as datas de execución.
- Que se arbitren as fórmulas precisas para que a Xunta de Galicia, de acordo co Plan estratéxico indicado no punto anterior, opte aos fondos Next Generation-EU habilitados para o tipo de infraestruturas recollidas no ámbito desta lei.
- Que entendendo a solidariedade entre concellos, se garanta un mínimo de retorno do canon que pagan os concellos e veciños/as para o abastecemento e saneamento da auga.
- Que garanta que calquera iniciativa a adoptar no eido do subministro e saneamento se tome contando ca opinión dos concellos, as Deputacións e a Fegamp.
- Que garanta que o desenvolvemento das infraestruturas precisas non supón un incremento sobre o prezo que pagan actualmente os fogares galegos pola auga”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=3>

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA MEDIDAS URXENTES PARA RESOLVER OS PROBLEMAS DA SANIDADE PÚBLICA NA PROVINCIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	6/22





“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta medidas urxentes para resolver os problemas da sanidade pública na provincia.


A política de recortes e desmantelamento da Sanidade Pública levada a cabo polo Partido Popular ten afectado dun xeito considerable á provincia de Lugo. As mocións reclamando o mantemento ou recuperación de servizos, a contratación de profesionais, a dotación do persoal das ambulancias, a falta de pediatras e médicos de atención primaria, foron obxecto reiterado de debate no pleno da Deputación Provincial, compoñendo un rosario de reclamacións que debería avergonzar ós responsables do goberno autonómico e da Consellería.

O 20 de abril, Carlos Castro, presidente do Comité de Atención primaria da área sanitaria de Lugo, declaraba: “a presión é brutal, as condicións laborais son pésimas ... e o persoal xa non pode máis”. A liña de actuación da Consellería de Sanidade, que non cubre as xubilacións, nin as baixas, nin as vacacións do persoal sanitario, converte o verán nunha época de alto risco para a saúde dos galegos/as. Todas as deficiencias detectadas agrávanse nunha tempada na que a provincia incrementa a súa poboación por mor do tempada veraniega.

Esta non é unha queixa de partido, nin unha interpretación ideolóxica. Son os e as profesionais da sanidade, os que veñen denunciando a situación. Son os veciños e veciñas os que de novo, como no ano 2020, saen á rúa, convocan recollidas de firmas ou denuncian ante os medios a situación de desatención que padecen.

Temos recentes os casos de Cervo, de Sarria, de Barreiros, como exemplo do que ocorre na provincia. Cervo exemplifica moi ben a situación xerada pola incapacidade da Xunta. O centro de saúde de San Ciprián tiña 3 médicos, pero foron xubilando e so queda un; o centro de Cervo só ten un médico. Agora, a Xunta pecha dous días á semana o centro de Cervo, para que o seu médico vaia a San Ciprián e obriga a todos os pacientes a desprazarse alí.

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	7/22



En verán acentúase tamén outro dos problemas crónicos da sanidade da provincia, como é a falta de pediatras. Se o seu número é insuficiente ó longo do ano, as vacacións de verán converten a necesidade de contar con atención para os menores nunha sorte de lotería perversa que xera inquedanza ás familias.

O Grupo Socialista da Deputación de Lugo quere deixar constancia unha vez máis da profesionalidade e do sobreesforzo de todo o persoal da sanidade pública galega. As súas demandas, coma as queixas que presentan os e as pacientes, non poden ser ignoradas por un executivo autonómico que carece dun modelo sanitario racional que de resposta ás necesidades da poboación de Lugo. Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- Que adopte solucións inmediatas como unha convocatoria extraordinaria de especialistas en medicina de familia para resolver as deficiencias xeradas no sistema sanitario durante o verán.
- Que teña en conta no deseño dos cadros de persoal a necesidade de cubrir as baixas, os períodos de vacacións e as xubilacións.
- Que remate ca práctica de parcheo consistente en pechar puntos de atención médica nuns sitios para derivar ó seu persoal a outros centros.
- Que abra un proceso de diálogo cos e cas profesionais do sistema sanitario para deseñar dun xeito conxunto ofertas de emprego e un deseño de carreira profesional que palée as deficiencias de servizos e especialidades como atención primaria ou pediatría.
- Que de acordo co devandito diálogo, adopte criterios de discriminación positiva no deseño das futuras OPE para cubrir as prazas que necesitan tanto os hospitais comarcais como o conxunto de centros do sistema sanitario no rural

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	8/22





- Que dialogue co persoal titor para incrementar o número de prazas de formación que oferta Galicia, que solicite ó Goberno de España que se incrementen as prazas MIR e que se comprometa a convocar todas as prazas adxudicadas.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 23; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO E SOLIDARIEDADE COA VECIÑANZA AFECTADA POLOS LUMES DESTE DÍAS E COAS PERSOAS QUE TRABALLAN NA SÚA EXTINCIÓN.

Neste momento incorpórase á sesión a señora Deputada dona Mayra García Bermúdez.


Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio e solidariedade coa veciñanza afectada polos lumes destes días e coas persoas que traballan na súa extinción.

Exposición de Motivos:

Vaia por diante todo o noso apoio e solidariedade coa veciñanza afectada polas lapas dos

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	9/22



lumes destes días e coas persoas que traballan na súa extinción. Dende o BNG estamos a seguir con enorme preocupación a evolución dos lumes que se están a suceder por toda Galiza e cales están sendo as súas graves consecuencias para a poboación e para as súas propiedades.

É importante que as persoas se vexan acompañadas polo conxunto das administracións e que estas presten todo o apoio e colaboración para que recuperen as súas vivendas e que, máis alá da circunstancia de que teñan ou non seguro, todas as familias conten co acompañamento e as axudas necesarias para que canto antes poidan recuperar as súas casas e restablecer as súas vidas.

Asemade, ao BNG prodúcelle inquedanza que estean a chegar denuncias de distintas partes do territorio de brigadas que están coa metade dos seus efectivos, incluso casos nos que a brigada só conta cun profesional, o que supón un risco contra a seguridade do propio traballador ademais de impedir afrontar a loita contra os lumes coas garantías necesarias. Situación agravada polos convenios sen asinar para a creación das brigadas municipais ou os convenios de motobomba inoperativos.


É incompresible que se poida dar unha escaseza de medios a mediados de xullo, cun verán que está a ter temperaturas extremas e despois dun inverno moi seco. Motivos sobrados para que o Goberno da Xunta tivese todo a punto en materia de extinción.

Tamén é de sinalar que os lumes estean afectando especialmente a unhas zonas do territorio de importante valor ambiental e natural, as cales debería ter unha protección especial, como é o caso do Courel, O Invernadoiro e Trevinca, sen que contasen con medidas específicas pese a que xa teñen sido pasto das lapas nos últimos anos e mesmo nos último meses.

Todos, e o Goberno da Xunta máis ca ninguén, debemos ser conscientes das causas estruturais do “drama repetido” dos incendios para poder atallalas con decisión: abandono, despoboación, falta de ordenación do territorio e falta de políticas para poñer o País a producir e conseguir un rural vivo.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción,

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	10/22





propondo a adopción dos seguintes acordos:

Instar ao Goberno da Xunta de Galiza a:

1º.- Por en marcha e axilizar o acompañamento e as axudas necesarias para que canto antes a veciñanza directamente afectada polos lumes poida recuperar as súas vivendas e propiedades e restablecer as súas vidas con certa normalidade.

2º.- Dar prioridade á colaboración institucional para unha pronta normalización da situación vital da veciñanza afectada.

3º.- Iniciar de xeito inmediato a recuperación, rehabilitación e reconstrución das zonas afectadas para evitar a súa degradación polo tempo e posibles factores climatolóxicos.

4º.- Traballar todo o ano na limpeza, na ordenación e no aproveitamento integral do monte para acadar un rural vivo; acabando co abandono do territorio”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.


Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA DEMANDAR DO GOBERNO DE ESPAÑA LIÑAS DE APOIO NO MARCO DOS FONDOS EUROPEOS *NEXT GENERATION* PARA O DESENVOLVEMENTO NA NOSA PROVINCIA DA FÁBRICA DE FIBRAS TEXTILES DE ESPAÑA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	11/22



“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial do Partido Popular para demandar do Goberno de España liñas de apoio no marco dos Fondos Europeos *Next Generation* para o desenvolvemento na nosa provincia da fábrica de fibras textiles de España.

O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia habilitado pola Unión Europea como resposta á crise económica xerada pola covid-19, ten como obxectivo proporcionar aos Estados membros os fondos necesarios para desenvolver os investimentos e as reformas establecidos nos seus Plans de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Neste sentido, contempla seis piares: (1) transición ecolóxica; (2) transformación dixital; (3) crecemento intelixente, sostible e integrador; (4) cohesión social e territorial; (5) saúde e resiliencia económica, social e institucional; e (6) políticas para a próxima xeración, a infancia e a mocidade.

Atendendo a estes principios, desde a Xunta de Galicia elaborouse unha candidatura centrada en aproveitar esta oportunidade extraordinaria para avanzar no modelo económico e social que estamos construíndo para consolidar unha Galicia máis moderna, competitiva, emprendedora e cohesionada, sobre a base da innovación e a sostibilidade. Unha aposta estratéxica de país que busca establecer sinerxías cos ámbitos empresarial e institucional, a través da colaboración público-privada, co acento posto nas persoas e as pemes porque deben ser as protagonistas da recuperación.

Deste xeito, no marco dos fondos europeos Next Generation, o Goberno galego leva máis dun ano traballando no deseño dun Polo para a Transformación de Galicia que inclúe, entre outros proxectos, o desenvolvemento dunha fábrica de fibras téxtiles sostibles que é primordial para o futuro da industria da moda e do sector industrial, que están inmersos na implantación da economía circular. Un proxecto que xa conta coa colaboración dun socio investidor quen ten asumido o desenvolvemento do proxecto construtivo para producir ata 200.000 toneladas de fibras sostibles ao ano, mobilizando un investimento de 800 millóns de euros e coa capacidade de 1.500 postos de traballo directos.

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	12/22





A implantación da primeira fábrica de fibras téxtiles de España na nosa provincia, que é unha potencia forestal, permitirá pechar o ciclo de produción da madeira no noso territorio e contribuirá tamén á creación de novas oportunidades de riqueza e de emprego, tanto de xeito directo, coa posta en marcha desta industria innovadora, como pola capacidade que este proxecto ofrece como oportunidade para potenciar toda a cadea de valor, desde os grandes e pequenos produtores forestais, ao transporte e a posterior transformación destes produtos. Un proxecto deste tipo constitúe, polo tanto, unha inxección esencial para dar aire ao tecido industrial tan tocado polas nefastas políticas do goberno central e as súas consecuencias por exemplo en Alcoa - San Cibrao e As Pontes.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial insta ao equipo de Goberno a:

Demandar do Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation para o desenvolvemento coa maior celeridade posible da primeira fábrica de fibras téxtiles de España que se prevé instalar no municipio lucense de Palas de Rei, por ser unha gran aposta, tanto dende o punto de vista económico e laboral, como dende o punto de vista estratéxico, xa que permitiría pechar o ciclo de produción de madeira na nosa provincia”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR Á XUNTA E AO GOBERNO CENTRAL A TRAMITAR CON AXILIDADE OS PROXECTO EÓLICOS DAS SÚAS RESPECTIVAS COMPETENCIAS.

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	13/22



Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte


En Galicia se está a desenvolver un modelo eólico que responde a unha planificación ordenada e respectuosa co medio ambiente co obxectivo de impulsar o equilibrio no avance das enerxías limpas, para garantir un marco enerxético estable e a preservación dos espazos naturais. De feito, o 77,5% do noso territorio está blindado fronte a eólicos, porque en Galicia está prohibido implantar novos parques na Rede Natura - non así na normativa estatal – e, ademais, é unha das tres Comunidades Autónomas que dispón dun instrumento de ordenación como o Plan Sectorial Eólico (avalado pola Comisión Europea).

Así pois, a Xunta de Galicia só autoriza aqueles proxectos nos que – como resultado dunha tramitación transparente e rigorosa – se determina que cumpren con todas as garantías técnicas, xurídicas e ambientais establecidas pola normativa vixente. Neste sentido, está a esixir unha avaliación ambiental ordinaria para todos os proxectos eólicos actualmente en tramitación autonómica. A Lei estatal 21/2013 só obriga a pasar por este trámite máis completo aos parques de máis de 30MW e/ou que teñan máis de 50 aeroxeradores ou que estean a menos de 2 quilómetros doutro parque.

Desde 2020, a Administración galega ten autorizado 17 parques eólicos que suman 357,66MW de potencia, e só un deles – P.E. Airas con 23,35MW – na Mariña.

Polo contrario, rexeitáronse e arquiváronse 84 solicitudes (2.295 MW) por estar fóra das Áreas de Desenvolvemento Eólico ou en espazos da Rede Natura. Tamén por solapamentos con parques en tramitación existentes ou non dispoñer de permisos de acceso e conexión., e mesmo por desestimento dos propios promotores.

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	14/22





Igualmente, informáronse negativamente 65 proxectos de tramitación ministerial por ter unha potencia instalada superior a 50MW, que suman máis de 5.197MW por estar fora, precisamente, do Plan Sectorial Eólico de Galicia. Sen embargo, o Ministerio para a Transición Ecolóxica mantén a súa negativa a archivar estes proxectos eólicos, xerando unha grande inseguridade xurídica.

Hai que destacar que, en virtude da disposición final sexta da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, só se poden implantar parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia cando teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía.

E, é de resaltar que, na actualidade, a Administración autonómica traballa nunha nova medida normativa que permita dar prioridade a aqueles proxectos eólicos que destinen o 50% da enerxía que produzan á industrias asentadas en Galicia a través de PPAs (Power Purchase Agreement), sempre e cando cumpran con todos os requisitos legais, ambientais e técnicos. É unha iniciativa que responde ao acordo aprobado no Parlamento de Galicia no pasado mes de maio, e que será esencial para plantas como Alcoa San Cibrao.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial insta:

1.- Á Xunta de Galicia a tramitar coa maior axilidade posible os proxectos eólicos da súa competencia, especialmente aqueles declarados como iniciativas empresariais prioritarias, que contén con permiso de acceso e conexión firme e vixente e cuxos promotores subscriban un acordo directo de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo cunha empresa con centro de traballo con actividade industrial en Galicia, vinculando estes proxectos a garantir polo menos o 50% do consumo de enerxía do devandito centro (nomeadamente no caso de planta de Alcoa en San Cibrao).

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	15/22



2.- Ao Goberno de España a:

a) Asumir un Acordo de colaboración coa Xunta de Galicia para facilitar a tramitación dos parques eólicos de tramitación ministerial e o cumprimento da normativa galega.

b) Garantir axilidade na tramitación dos proxectos eólicos cuxa autorización é competencia estatal, adoptando todas as medidas que permitan dar prioridade ás instalacións que permitan a subministración eléctrica á industria.

c) Amosar un compromiso claro por parte do Goberno e de Alcoa que garanta a reactivación da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación en todas as reunións do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, responsable de establecer un marco enerxético competitivo que garanta o futuro da produción de aluminio primario.

d) Activar o Perte para descarbonizar a industria electrointensiva en cogobernanza coas Comunidades Autónomas”.


Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do BNG, propón substituír os puntos 1 e 2 da proposta de acordos polos seguintes textos:

Solicitar da Xunta e do Goberno do Estado:

- A creación dunha Empresa Pública Galega de Enerxía para aproveitar os recursos do país en beneficio de Galiza e da maioría social e creación dunha Tarifa Eléctrica Galega para abaratar o custo da enerxía para fogares e empresas.
- A elaboración dun Novo Plan Sectorial máis garantista e proteccionista e un novo marco normativo que garanta e fomente a participación pública dos concellos e das comunidades locais nos beneficios das renovábeis e regulamentando os parques eólicos como concesións

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	16/22





administrativas con retorno ao público ao final do prazo da concesión. Así mesmo, impulsar as tecnoloxías de almacenamento, democratizar e socializar a enerxía co fomento do autoconsumo compartido e impulsando as comunidades enerxéticas locais, Mobilizar maiores recursos en aforro e eficiencia enerxética no sector público, sector servizos, industria e residencial, e limitar os beneficios das eléctricas e poñer tope ao prezo da luz”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 13 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=7>

8.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE VACANTE POR RENUNCIA AO CARGO DO DEPUTADO PROVINCIAL DON AGUSTÍN BAAMONDE DÍAZ.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tras ver o escrito presentado en data sete de xullo de dous mil vinte e dous, polo señor Deputado Provincial desta Corporación, don Agustín Baamonde Díaz, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, polo que manifesta a súa renuncia ó cargo de Deputado Provincial.

Resultando que de conformidade co artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/86, do 28 de novembro) en relación co art. 208 da Lei Electoral Xeral, a renuncia é causa de perda da condición de Deputado Provincial.

Considerando que a declaración de vacante é competencia do Pleno; e de conformidade coa Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, deberá indicarse o nome da persoa

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	17/22



que, a xuízo desta Corporación, corresponde cubrir a vacante. Debendo comunicarse tal evento á Xunta Electoral de Zona, para os efectos de proceder a cubrir a vacante na forma prevista no art. 208.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Vistos os artigos citados, e informe xurídico que obra no expediente, proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de Deputado Provincial presentada por don Agustín Baamonde Díaz.

2º.- Declarar a vacante producida pola renuncia ao cargo do Deputado Provincial de don Agustín Baamonde Díaz; correspondendo cubrir a vacante, a xuízo desta Corporación, a Don Xosé María Teixido Núñez, por ser o primeiro suplente que figura na Acta da Xunta Electoral de Zona de Vilalba de data dezanove de xuño de dous mil dezanove; e, dado que as Xuntas Electorais de Zona, de conformidade co art. 15.2 da Lei Electoral, cesan no seu mandato cen días despois das eleccións, comunicalo á Xunta Electoral Central, para a súa provisión legal".

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=8>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de xuño de dous mil vinte e dous, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2111 ao 2505. O Pleno da Corporación queda enterado.

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	18/22





Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=9>

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=10>

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hai dous Rogos e unha Pregunta regulamentariamente formulados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á roza das beiras das estradas, entre elas as de Monterroso, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Moitas das estradas da rede provincial atópanse en moi mal estado, co pavimento cheo de fochancas e deficiente sinalización, o que provoca numerosas molestias aos usuarios, avarías nos seus coches e risco para a seguridade vial. É un problema xeralizado. A maiores, como cada ano por estas fechas, a rede provincial de estradas presenta outro problema xeralizado: a abundante maleza que medra nas súas beiras. A deficiente xestión do equipo de goberno provincial, fai que a campaña de roza sempre chegue tarde e mal. As silvas, xestas e toxos que medran ao pé das calzadas limitan a visibilidade e crean graves riscos para a circulación rodada e peonil. Un exemplo do que pasa é o Concello de Monterroso, no que tanto o PP como veciños de varias parroquias

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	19/22



presentaron escritos na Deputación para reclamar o desbroce das estradas provinciais neste termo municipal. No caso de Monterroso, tanto o PP como os veciños refírense as estradas LU-P 3301, LU-P 3302, LU-P 3305, LU-P 3306 e LU-P 4001. En todo caso, o municipio de Monterroso é un máis dos que agardan que se leven a cabo os labores de roza.

A vista do exposto o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo ao Sr. Presidente da Deputación:

Que por parte da Área de Xestión Territorial da Deputación Provincial de Lugo se fagan, de maneira inmediata, as xestións necesarias para atender as reclamacións dos veciños e se proceda á efectuar coa maior celeridade a roza das beiras das estradas provinciais e se atendan as reclamacións neste sentido dos veciños, entre eles os de Monterroso”.


Segundo.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á convocatoria de pleno extraordinario sobre o estado da provincia, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Primeiro a portavoz do goberno provincial, en rolda de prensa, e despois o presidente da Deputación, José Tomé Roca, fixeron nos últimos días senllos balances de xestión do que vai deste mandato. Nos dous casos foi un balance no que a realidade estivo totalmente ausente, no que, a base de ficcións, trataron de enmascarar o déficit de xestión do goberno do que forman parte. Pois ben, dende o grupo provincial do PP instamos, ao presidente, a facer un pleno monográfico sobre o estado da provincia, como están a facer noutras institucións nos seus ámbitos correspondentes, e poñer sobre a mesa, por un lado, as valoracións do goberno e, por outro lado, ás da oposición.

A vista do exposto o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo ao Sr. Presidente da Deputación:

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	20/22





1º.- Que a presidencia da Deputación de Lugo convoque un pleno extraordinario sobre o estado da provincia como xa fan outras institucións nos seus respectivos ámbitos de xestión.

2º.- Que se institucionalice a celebración dun pleno anual de debate sobre o estado da provincia”.

PREGUNTAS

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ó Complexo recreativo en Augasmestas, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

Tendo en conta que no Pleno celebrado o 30 de xuño de 2020, no debate correspondente a unha iniciativa presentada por este grupo para instar ao goberno provincial a que puxera novamente en funcionamento o complexo recreativo de Augasmestas., a deputada portavoz do equipo de goberno e delegada de Turismo afirmou :“(..) *A nosa expectativa é poñelo en marcha nos próximos tempos (..)*”.

E, visto que dende que a delegada de Turismo fixo esa afirmación transcorreron máis de dous anos, ámbolos dous Anos Santos, e que o complexo continúa pechado, o Grupo Provincial do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

¿Que actuacións levou a cabo o equipo de goberno durante os últimos dous anos facer posible a posta en marcha e apertura do “Complexo recreativo en Augasmestas” situado no concello de Quiroga e cando prevé abri-lo?”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220726&punto=11>

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	21/22



E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

	IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Fecha y Hora	16/08/2022 18:46:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AUK2435442W7PUNORGU36N4	Página	22/22

